

BASES REGULADORAS DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FIN DE ESTUDOS PARA O CURSO 2.009-2.010

Aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 14 de outubro de 2009

A.- OBXECTO E FINANCIAMENTO

Os premios extraordinarios de fin de estudo, concedidos e financiados íntegramente polo Concello de Xove, teñen como finalidade a de potenciar a calidade do traballo realizado polos estudantes ó longo de toda a carreira ou ciclo, sen menoscabo doutros premios concedidos, financiados ou patrocinados por outros organismos, empresas ou institucións.

Aos efectos das presentes Bases, enténdese por premio extraordinario de fin de estudos ós correspondentes a estudos universitarios de primeiro e segundo grao así como de ciclos formativos de nivel superior.

Só se premiarán os estudos oficiais regrados con recoñecemento do Ministerio de Educación como Carreira Universitaria ou Ciclo Formativo de nivel superior.

Os premios regulados nas presentes Bases serán financiados con cargo á partida 422.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal.

B.- MODALIDADES E CONTÍA DOS PREMIOS

- 1.- Premio extraordinario de **6.000,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos universitarios de primeiro grao** con nota media de **SOBRESAÍNTE**
- 2.- Premio extraordinario de **3.000,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos universitarios de segundo grao** con nota media de **SOBRESAÍNTE**
- 3.- Premio extraordinario de **1.200,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos de ciclo formativo de nivel superior** con nota media de **SOBRESAÍNTE**
- 4.- Premio extraordinario de **3.000,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos universitarios de primeiro grao** con nota media de **NOTABLE**
- 5.- Premio extraordinario de **1.500,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos universitarios de segundo grao** con nota media de **NOTABLE**
- 6.- Premio extraordinario de **600,00 euros** para alumnos que terminen os seus **estudos de ciclo formativo de nivel superios** con nota media de **NOTABLE**
- 7.- Premio extraordinario de **1.200,00 €** para alumnos que rematen os seus estudos de Bacharelato con nota media de **SOBRESAÍNTE**
- 8.- Premio extraordinario de **600,00 €** para alumnos que rematen os seus estudos de Bacharelato con nota media de **NOTABLE**

C.- REQUISITOS XERAIS PARA TODOLOS SOLICITANTES

Os interesados na concesión dun premio extraordinario de fin de estudos deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

2.- Incompatibilidades.

Os presentes premios son incompatibles entre sí.

Non obstante, os alumnos que tendo rematado un estudo universitario de grao medio ou un ciclo superior, e fosen candidatos a obter premio extraordinario, se desexen continuar os seus estudos, disporán do prazo de un ano académico para realizar a solicitude, e valorar optar ó premio de titulación superior.

D. NORMAS E REGRAS DE XESTIÓN

A puntuación que se corresponderá con cada nota será a seguinte:

Estudios universitarios

Aprobado.....6
Notable.....7,5
Sobresáinte..... 9,5
Matrícula de honra.....10

Estudios medios

Aprobado.....5,5
Notable.....7,5
Sobresáinte.....9,5
Matrícula de honra.....10
Ben.....6

Para conseguir unha nota media de sobresáinte hai que acadar no cómputo total unha nota media de 9 puntos, emtras que para conseguir o notable a nota esixida será de 7 puntos para estudos universitarios e 7.5 para ciclos formativos.

Cando a nota obtida nos estudos sexa numérica, contabilizarase a nota que veña reflexada no libro escolar ou no certificado de estudos independentemente das correspondencias anteriores.

Para realizar o cálculo da nota media tomaranse as calificacións obtidas polo alumno sumándose entre sí as do mesmo curso e dividindo posteriormente polo número total de asignaturas en dito curso. No caso de que máis do 10% do total das asignaturas foran aprobadas en segunda e posteriores convocatorias, realizarase previamente a nota media de dita asignatura (nota de curso suspensa en xuño e nota do curso aprobada en setembro) contando como 1 punto o M.D. e coma 3 puntos o INSF. No caso de universitarios o suspenso contabilizarase con 3 puntos. Os N.P. non serán contabilizados para o cálculo. No caso de convalidacións de asignaturas, terase en conta para a contabilización a nota cando é debida a un cambio de plan académico, a prácticas realizadas ou outras asignaturas. Cando se trate de asignaturas convalidadas pola asistencia a xornadas ou cursos (créditos de libre configuración), contabilizaranse aquelas cuxos créditos sexan iguais ou superiores á asignatura con menor número de créditos.

Para os premios aos que se refiren os puntos 7 e 8 da letra A. anterior terase en consideración ademáis dos dous cursos de bacharelato a nota obtida nos dous últimos cursos de ESO.

E.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ós premios deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ó Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 31 días hábiles a partir do 26 de outubro ata o 30 de novembro de 2.009.

Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución do Sr. Alcalde-Presidente. Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

F. SUBSANACIÓN DE DEFECTOS DA SOLICITUDE OU DOCUMENTACIÓN

Se a solicitude ou documentación presentada non reúne os requisitos esixidos nas presentes Bases, requirirase ó interesado para que nun prazo de 5 días hábiles subsane os defectos apreciados na solicitude ou documentación, con apercibimento de que de non facelo así, entenderase desistido da súa petición, emitíndose resolución declarando tal circunstancia.

G.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- a.- Impreso de solicitude
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante
- c.- Certificado de empadramento
- d.- Dúas fotografías tamaño carné
- e.- Libro de calificacións ou certificado orixinal de estudos
- f.- Aqueles alumnos que soliciten premio extraordinario por estudos cursados no estranxeiro, deberán de presentar homologación oficial de ditos estudos en España para poder optar á concesión do mencionado premio.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non do premio.

H.- ÓRGANO COMPETENTE PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS

O órgano competente para a aprobación das presentes Bases, interpretación das mesmas así como para a concesión dos premios será a Xunta de Goberno Local.

Non obstante, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e con carácter previo á celebración da sesión da Xunta de Goberno e para a valoración das solicitudes

presentadas, reunirse a Xunta Municipal de Portavoces, asistida pola Asistente Social, Interventora Municipal, ou persoas en quen deleguen, levantándose Acta polo Secretario Municipal.

I.- FORMA DE PAGO DOS PREMIOS

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

J.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións de premios poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación dos premios, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios dos premios, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación do premio.

Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obter o premio, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

K. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios dos premios as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- De revogarse a concesión dunha bolsa ou axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 3.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que o rexen
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A resolución de concesión quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais para 2.008.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios académicos en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. Non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local ou resolución de Alcaldía, poderán ser variadas as datas e os prazos de presentación de solicitudes anuais.